

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e catro de agosto de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de "Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que comunica a estrada provincial LU-612 cos núcleos rurais de Barreiros, Faxilde e Cuíña na Parroquia de Saa", obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación aos concellos para a anualidade 2024 e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024/C002/000010.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de "Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que comunica a N-VI coa estrada provincial LU-P-2902 atravesando o núcleo rural de Guntín", obra incluída no Plan Provincial Único de cooperación aos concellos para a anualidade 2024 e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024/C002/000011.

Así mesmo acórdase a delegación de competencias na Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos para a contratación da obra de mantemento e mellora de camiño municipal de acceso a Roade. parroquia de Teixeira. Lugo incluída no agader 2024-2025, plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024 - 2025 (MR701E).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7290989160700054193.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-8-2024

Do mesmo xeito, acórdase a delegación de competencias na Tenenta Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes de contratación, convenios, autorización de dominio público relativos ás festas do San Froilán 2024.

Acórdase a modificación dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares na concesión demanial para o uso privativo para a explotación do servizo de cafetería restaurante anexa ao Centro de Empresas e Innovación (Complexo Cei-Nodusespazo> Lab-parque de bombeiros., Expte. ref. 2024-C012-000004.

2. FOMENTO.- Acórdase aprobar o texto e proceder á sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, o Concello de Lugo e Abanca Corporación Bancaria, S.A., para a celebración das festas de San Froilán 2024.

Tamén se acorda aprobar o texto e proceder á sinatura do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela co obxecto de colaborar nos gastos derivados do evento Lugo USC, Actívate para o novo curso 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

3. EDUCACIÓN.- Acórdase a aprobación das bases polas que se regula a concesión dunha subvención a asociacións de nais e pais de alumnos/as (Anpas) de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.